




GUÍA ETSE ESTUDANTES

(Actualizada Xullo 2025)


[Versión en PDF](#)

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Web



Presentación Sway



Instagram



@ETSE_USC

LinkedIn



Punto de Atención, Información e Servizos

Tel.: 8818 16700 -- Fax: 8818 16702

etse.conserxeria@usc.es

Administración

Tel.: 8818 16701 -- Fax: 8818 16702

etse.secredireccion@usc.es

Historia da ETSE

A **Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)** da Universidade de Santiago de Compostela (USC) tivo o seu primeiro xermolo en outubro de 1994 co inicio da titulación de Enxeñaría Química. No ano 2000ponse en marcha a titulación propia de Graduado/a Superior en Enxeñaría Ambiental e no ano 2001 a titulación propia de Graduado/a Superior en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions. Fisicamente, as obras da Escola comezan en febreiro de 1999, inaugurándose oficialmente o edificio o **18 de abril de 2005**. En Outubro de 2006 ábreanse as novas aulas de informática no edificio do Monte da Condesa e en Setembro de 2022 as novas aulas no edificio IA. Outras datas salientábeis na historia da ETSE son as seguintes:

- Curso 2003-2004: inicio da Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas
- Curso 2007-2008: o título de Graduado/a Superior en Enxeñaría Ambiental transfórmase no **M.U. en Enxeñaría Ambiental**
- Curso 2009-2010: inicio do **Grao en Enxeñaría Informática**
- Curso 2010-2011: inicio do **Grao en Enxeñaría Química**, do M.U. en Computación de Altas Prestacións e do M.U. en Enxeñaría de Procesos Químicos e Ambientais
- Curso 2011-2012: inicio do M.U. en Tecnoloxías da Información
- Curso 2013-2014: inicio do **M.U. en Enxeñaría Química e Bioprocesos** como transformación do anterior M.U. en Enxeñaría de Procesos Químicos e Ambientais
- Curso 2015-2016: inicio do **M.IU. en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data** e implantación do **Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas**
- Curso 2018-2019: inicio do **M.IU. en Computación de Altas Prestación** e do M.IU. en Xeoinformática
- Curso 2020-2021: inicio do **M.IU. en Visión por Computador**
- Curso 2022-2023: inicio do Grao e **M.IU. en Intelixencia Artificial**
- Curso 2023-2024: inicio do **M.IU. en Xestión Sostible da Auga**
- Curso 2024-2025: inicio do **M.IU. en Internet das Cousas (IoT)**

* En letra grosa os títulos que actualmente se imparten na ETSE; M.U.: Máster Universitario; M.IU.: Máster Interuniversitario



Patrón do Centro
(Natalicio de Leonardo da Vinci, 15 de Abril de 1452)
Venres 17 de abril de 2026
Acto Oficial: Xoves 16 de abril ás 12:00 h

Equipo de Dirección

Directora

Julia González Álvarez (Tel.: 8818 16736; etse.direccion@usc.es)

Subdirectores

Óscar Rodríguez Figueiras (Tel.: 8818 16734; oscar.rodriguez@usc.es)

Juan Carlos Vidal Aguiar (Tel.: 8818 16465; etse.subdireccion@usc.es)

Secretaría Académica

Nelly Condori Fernández (Tel.: 8818 16464; etse.secretario@usc.es)

Coordinadores/as de Titulacións de Grao

Grao en Enxeñaría Informática

José Alberto Suárez Garea (Tel.: 8818 15511; etse.ei@usc.es)

Grao en Enxeñaría Química

Almudena Hospido Quintana (Tel.: 8818 16797; etse.eq@usc.es)

Grao en Intelixencia Artificial

Alberto Bugarín Diz (Tel.: 8818 16440; gria.coordinacion@usc.es)

Coordinadores/as de Titulacións de Máster

Máster en Enxeñaría Ambiental

Francisco Omil Prieto (Tel.: 8818 16805; francisco.omil@usc.es)

Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Héctor Rodríguez Martínez (Tel.: 8818 16804; etse.meq_bio@usc.es)

Máster en Tecnoloxías de Análise Masivo de Datos: Big Data

Manuel Mucientes Molina (Tel.: 8818 16419; etse.bigdata@usc.es)

Máster en Computación de Altas Prestacións

Pablo Quesada Barriuso (Tel.: 8818 15506; pablo.quesada@usc.es)

Máster en Visión por Computador

Víctor M. Brea Sánchez (Tel.: 8818 16441; victor.brea@usc.es)

Máster en Intelixencia Artificial

María Jesús Taboada Iglesias (Tel.: 8818 15514; maria.taboada@usc.es)

Máster en Xestión Sostible da Auga

Marta Carballa Arcos (Tel.: 8818 16787; marta.carballa@usc.gal)

Máster en Internet das Cousas (IoT)

José Manuel Cotos Yáñez (Tel.: 8818 15510; manel.cotos@usc.gal)

Persoal de Administración e Servizos

Unidade de Apoio á Xestión

Responsable: María del Carmen Palacios Oubiña

Tel.: 8818 16780; etse.xestora@usc.es

María Jesús Chaín Anllo (Dirección ETSE)

Tel.: 8818 16701; etse.secredireccion@usc.es

Ana Rodríguez Otero (Departamento de Electrónica e Computación)

Tel.: 8818 16717; elsec@usc.es

Ángeles Pardal Campaña (Departamento de Enxeñaría Química)

Tel.: 8818 16730; departamento.enxenariaquimica@usc.es

Punto de Atención, Información e Servizos

Edificio ETSE (Tel.: 8818 16700; etse.conserxeria@usc.es)

Alejandro Martís Diéguez

Jorge Juan Vázquez Otero

Roberto Rouco Paderne

Fernando Muñoz Sagasta

Edificio Emprendia (Tel.: 8818 15589)

Fernando Pereiro Mallo

Amparo Iglesias García

Asuntos Económicos (Tel.: 8818 16737; etse.asuntos.economicos@usc.es)

Responsable: Manuela Muñoz Sagasta

M^a Paz Fernández Freire

Biblioteca (Tel.: 8818 16706; biblioteca.etse@usc.es)


Director: Hipólito Rodríguez Costas

Cristina Villar Lemos

Carlán Loureiro del Caño

María Figueirido Rivas

Instalacións



Edificios: ETSE, Monte da Condesa (MC), Intelixencia Artificial (IA)

Aulas de Teoría: Edificio ETSE: 10 aulas situadas nos andares -3, -2 e -1; 4 para grupos grandes (105-135 postos), 4 para grupos medianos (40-55 postos) e 2 para grupos pequenos (entre 12 e 18 postos); todas equipadas con ordenador e equipo de proxección. Edificio IA: 3 aulas (andares -1, 0 e 1).

Aula de Proxectos: situada no andar -1 do Edificio ETSE; dispón de 50 postos multifuncionais; equipada con ordenador, equipo de proxección e sistema de videoconferencia.

Aulas de Informática: Todas equipadas con equipo de profesor/a e equipo de proxección ou monitor. 4 aulas situadas no andar 0 do edificio ETSE (I1, I2, I3, I4) (dotadas con ata 25 postos con ordenador para estudiantado), 3 aulas no andar 0 do edificio MC (I5, I6, I7) e 7 aulas no edificio IA (sen equipos de sobremesa).

Laboratorios Docentes: 5 laboratorios situados no andar 0 do edificio ETSE; dotados con 20 postos para prácticas.

Planta Piloto: situada nos andares -2 e -1 do edificio ETSE; dotada con 60 postos para prácticas e investigación.

Zonas de Traballo de Acceso Libre: dous espazos de 30 postos situados nos andares -2 e -1 do edificio ETSE; equipadas con conexión a rede eléctrica e rede wifi; a disposición do estudiantado da ETSE para facilitar o traballo en grupo.

Espazos de descanso/convivencia: un espazo na ETSE (no andar -1) e outro en Emprendia (no andar 1) para a convivencia do estudiantado, equipado con mesas e microondas.

Local para a Representación do estudiantado da ETSE e asociacións estudantís: situado no andar 0 do edificio ETSE.

Servizos e Infraestruturas: Biblioteca (174 postos; andar 1 do edificio ETSE), Comedor-Cafetería (90 postos; andar -2 do edificio ETSE), Salón de actos (182 postos; andar -3 do edificio ETSE).

Biblioteca da ETSE

A Biblioteca da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (BETSE), cun espazo total de 600 m², ten 182 postos de lectura distribuídos en dous andares, unha Sala de Traballo en Grupo con capacidade para 8 persoas, e 5 postos informatizados para consulta dos recursos electrónicos da BUSC. Ten un fondo formado por preto de 10.000 volumes de libros impresos, e acceso a unha importante colección de libros electrónicos, cabe destacar a [Base de datos AccessEngineering](#) e 90 títulos de revistas en subscripción (80 delas dispoñibles en formato electrónico).

Os libros están en acceso libre. No primeiro andar, os libros para estudantes e os últimos números das revistas en papel. No segundo andar, os libros de investigación e o depósito de revistas.

Toda a información de interese da biblioteca atópase na súa [web](#) e tamén na súa páxina en Facebook ([facebook.com/biblioteca.etse](#)).

Para utilizar a meirande parte dos servizos que oferta a Biblioteca débese dar de alta a **Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI)** como Tarxeta de Biblioteca. Se non se dispón da TUI, pódese solicitar unha tarxeta provisional na biblioteca que se deberá substituír posteriormente pola TUI



Servizos:

- **Préstamo de Portátiles:** 4 ordenadores portátiles para o seu uso en sala (consultar en mostrador de BETSE)
- **Préstamo de Libros a Domicilio:** Hai dous tipos de consulta: “Préstamo curto”: máximo de 3 exemplares durante 10 días. “Prestable”: ata 5 exemplares durante 15 días. Os préstamos poden renovarse ata 2 veces, sempre que non estean reservados por outras persoas.
- **Préstamo de Libros Intercentros:** Dende o mostrador da BETSE pódense solicitar libros doutras bibliotecas da BUSC, sempre que o tipo de consulta sexa “Prestable”.

- **PRELO:** Plataforma de préstamo de libros electrónicos online (prelo.usc.es).
- **Repositorio Institucional MINERVA:** Creado para albergar, difundir e preservar os documentos dixitais resultantes das actividades de investigación e docencia da USC (minerva.usc.es).
- **Novidades no Catálogo:** Pinterest (pinterest.com/buscetse).
- **Taquillas:** Para poder deixar as túas pertenzas si te ausentas da Biblioteca. Consulta no mostrador.

A BETSE participa na Olimpíada Solidaria de Estudo para proxectos solidarios.

Estudantes na ETSE

No curso 2024-2025 matriculáronse na ETSE 880 estudantes de Grao e 149 estudantes de Máster (70% homes e 30% mulleres).

Graos	Homes	Mulleres	Total
Enxeñaría Informática	292	74	366
Intelixencia Artificial	102	52	154
Enxeñaría Química	171	123	294
Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas	47	19	66
Másteres	Homes	Mulleres	Total
Enxeñaría Ambiental	24	25	19
Enxeñaría Química e Bioprocesos	18	16	34
Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data	16	4	20
Visión por Computador	9	4	13
Computación de Altas Prestacións	17	2	19
Internet das Cousas (IoT)	3	1	4
Xestión Sostible da Auga	1	1	2
Intelixencia Artificial	30	8	38

A **Representación do estudiantado** está constituída polos/as delegados/as e subdelegados/as de cada curso e por representantes do estudiantado en Xunta de Escola. Conta cun local situado na planta 0 do edificio ETSE (Tel.: 8818 16722). A convocatoria para a elección de representante será publicada na semana do 22 de setembro.

Actualmente teñen actividade na ETSE as seguintes asociacións de estudantes: ISA-USC (International Society of Automation, sección USC, (isa-usc.org), Enxeñaría sen fronteiras (galicia.isf.es), GDG Santiago de Compostela (gdg.community.dev/gdg-santiago-de-compostela) e JEF Galicia (jef.gal).

Representación do Estudiantado nos Órganos de Goberno

O órgano de goberno principal da Escola é a Xunta de Escola na que o estudiantado conta cunha **representación do 32%** (26% de grao, 6% máster e doutoramento). Esta representación renóvase cada ano.

Participar nos órganos de goberno é a forma de defender os teus intereses

O estudiantado que forma parte da Xunta de Escola pode asemade formar parte das diferentes comisións delegadas (comisión permanente, comisión de seguridade e saúde, comisión de normalización lingüística), comisións de seguimento do SGC

(comisión de calidade e comisións de título) nas que se tratan temas máis específicos.

Mellora Continua e Xestión da Calidade

Unha das características máis salientables da ETSE é o seu compromiso coa cultura da mellora continua. Para a consecución deste obxectivo é determinante que cada membro da Comunidade ETSE sexa co-responsable e considere como propio, cada quen cos seus dereitos e deberes, o obxectivo da excelencia.

Autoría de Trabajos Prácticos

[illegible]

Organización Docente

[Programación e Avaliación, Materias Impartidas en Inglés, Cambio de Grupo de Prácticas]

É moi importante coñecer o sistema de avaliación de cada materia, porque aínda que existen unhas datas oficiais de exames, as materias establecen un **proceso de avaliación continua** que implica traballar de xeito continuado dende o comezo do curso.

Para a titulación de Grao en Enxeñaría Química hai unha serie de materias nas que se oferta a posibilidade de cursalas en inglés. Para iso é preciso seleccionar na Secretaría Virtual, no momento de realizar a matrícula, a opción de inglés. **De non realizalo no momento da matrícula, é posible facelo mentres estea aberto o prazo de modificación de matrícula.** A incorporación do estudantado ao grupo de inglés está limitada ao número máximo de estudantes que se poden admitir nun grupo de prácticas ou seminario, segundo establece a normativa da USC.

Ademais, outros títulos, coma o Máster en Intelixencia Artificial ou o Máster en Visión por Computador, impártense enteiramente en inglés.

Cambios de Grupos de Prácticas

Atención aos prazos de **Cambio de Grupo de Prácticas** (primeira semana do cuadrimestre)

Corresponderá á Dirección do centro a distribución do estudantado nos diferentes grupos de prácticas. Dita distribución farase por orde alfabética de apelidos e publicarase antes do comezo das clases. Ao comezo de cada cuadrimestre ábrese unha convocatoria para a solicitude de cambio de grupo e de dispensa de clase.

Normativa de Permanencia da USC

O estudantado que inicie estudos nunha titulación debe **superar como mínimo unha materia obrigatoria de primeiro**.

- De non facelo, no curso seguinte deberá superar un mínimo de 30 créditos obrigatorios do primeiro curso para matrícula a tempo completo ou 15 créditos para matrícula a tempo parcial.
- De non facelo, non poderá continuar os mesmos estudos na USC nos cinco cursos académicos seguintes.

O estudantado dispón, para superar unha materia, de **catro** convocatorias nos Graos ou **dúas** convocatorias nos Másteres.

Cada curso computa unha convocatoria

A convocatoria enténdese esgotada tanto se a cualificación é suspenso como non presentado (para obter a cualificación de non presentado o/a estudante non debe realizar ningunha actividade avaliable conforme o establecido na programación de cada materia).

Na cuarta convocatoria de materias de Grao o estudantado poderá solicitar ser **cualificado por un tribunal**, sempre que concorrese ás tres convocatorias anteriores. O estudantado que **esgotase as convocatorias** previstas para cada materia poderá solicitar, por unha soa vez, a dispensa de dito límite atendendo a razóns académicas ou persoais especiais. As peticións poderán ser resoltas favorablemente polo reitor con base nas razóns alegadas polo/a interesado/a.

O **estudiantado que continúe estudos debe matricularse de todas as materias pendentes** (suspensas e non presentadas) dos cursos anteriores, ata un máximo de 75 créditos (neste máximo non computan os créditos relativos ao traballo fin de grao). Exclúense as optativas, xa que o estudantado pode cambiar de optativas dun curso a outro. Non se pode matricular do último curso con materias pendentes de primeiro. Poderá matricularse do TFG ou TFM cando lle resten para concluír os estudos 75 créditos ou menos, sen contar os créditos dos citados traballos.

Admitirase unha **renuncia sen causa** por cada materia, o que suporía que non se consumiría esa convocatoria. A renuncia debe solicitarse nos períodos establecidos na convocatoria de matrícula. Tamén se pode solicitar a **renuncia ao TFG/TFM** cando non se cumpran os requisitos para poder defendelo. Ademais, poderán solicitarse, en calquera momento, **renuncias por causas xustificadas** cuxa concesión resolverá o Reitor.

Bolsas Ministerio

Para coñecer condicións, requisitos académicos e outra información de axuda: [Web do ministerio](#)

Aula Profesional



Oferta de cursos, seminarios e talleres recoñecidos previamente como interesantes e complementarios da formación enxeñeril ofertada para todo o estudiantado da ETSE (conferencias, visitas técnicas, talleres profesionais, habilidades persoais, etc.). Supón un complemento formativo aos estudos de Grao e Máster (competencias transversais) de grande valor cara á inserción laboral.

Especificamente, no Grao en Enxeñaría Química figura como unha materia obrigatoria de 6 ECTS do Grao en Enxeñaría Química que complementa a formación científico-técnica do estudiantado cunha serie de actividades que buscan a mellora da súa formación en competencias de tipo transversal ou en desafíos recentes do entorno profesional ao que se vai incorporar á finalización do título. A materia realízase ao longo de todo o grao, dende 1º ata 4º curso. É por tanto unha materia que non ten unha estrutura ríxida en canto a contidos ou ensinanzas, onde o/a estudante pode elixir entre a oferta de actividades incluídas na Aula Profesional (oferta publícase semestre a semestre na [Web Aula Profesional ETSE](#)).

Para os graos en Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial: poden recoñecerse 1, 2 ou ata 3 ECTS optativos como “Actividades de recoñecemento de ECTS nos Graos” previa matrícula na Secretaría Virtual nos prazos establecidos. Para máis información, consulta a seguinte [ligazón](#).

Información: charla xeral en setembro-outubro e actualizacións e avisos nos medios da ETSE (web, instagram, linkedIn, pantallas, taboleiros, etc.).

O estudiantado interesado en cursar esta materia poderá comezar a realizar as actividades propostas sen necesidade de estar matriculado. No momento en que se matricule computaranse as horas xa realizadas e só deberá completar as que lle resten para completar a materia (o total son 150 h).

[Web Aula Profesional ETSE](#)

Actividades Recoñecibles como Competencias Transversais

O estudiantado poderá obter recoñecemento académico de ata 12 créditos pola participación en cursos orientados a competencias transversais e por outras actividades de representación, deportivas, culturais, etc. A inscrición realízase a través da Secretaría Virtual do estudiantado.

Todas as propostas de actividades recoñecidas ou en trámite de recoñecemento, tanto da ETSE como doutros Centros poden consultarse en <https://www.usc.gal/gl/ao-teu-servizo/oiu> (consultar en cada actividade as titulacións nas que se poden imputar os créditos).

Prácticas en Empresas

Nas titulacións de Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial (e tamén nalgúns másters) existe unha materia obrigatoria no plan de estudos denominada Prácticas Externas. O centro publicará no seu momento o procedemento para asignar as devanditas prácticas. Ademais, no Grao en Intelixencia Artificial pódese ampliar o período de prácticas pois existe unha materia adicional de prácticas optativas (ademais da materia obrigatoria).

Na titulación de Grao en Enxeñaría Química existe unha materia obrigatoria denominada Aula Profesional con dúas opcións: seminarios e prácticas en empresa. O estudiantado ten que optar por unha delas e realizar a matrícula co resto das materias. No caso de optar pola realización de prácticas en empresas deberán logo participar na convocatoria que se publica cada curso académico. En todo caso, recoméndase sempre seguir a oferta formativa da Aula Profesional como complemento das competencias formativas.

A estadia do estudiantado da USC en Empresas ou Institucións formalizárase a través do Programa de Prácticas en Empresas da ETSE (Graos). Anualmente prográmase unha sesión informativa onde se informa dos prazos das convocatorias, procedementos, etc. Toda a información xestiónase a través da Xestora do Centro (despacho de administración: etse.empresas@usc.es)

Convocatoria Prácticas Empresas Graos: Decembro (para realizarse no segundo cuadrimestre), Marzo (para realizarse no verán).

[Web Prácticas Empresa ETSE](#)

Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster

O Traballo Fin de Grao (TFG) e o Traballo Fin de Máster (TFM) supoñen o paso final de cada unha das etapas de estudos. A información sobre o seu desenvolvemento figura nas páxinas dos títulos, accesibles dende a páxina web principal do centro. As peculiaridades de cada título pódense atopar na correspondente páxina web.

É posible realizar os TFG e TFM en colaboración con empresas e institucións. Para iso é preciso que, unha vez aprobada a proposta de TFG ou TFM pola comisión correspondente, se formalice un convenio coa empresa ou institución. Deberá consultarse na Administración da ETSE se existe convenio e, de non ser así, deberán realizarse os trámites para a súa sinatura.

Os calendarios de defensa para os diferentes títulos poden consultarse na páxina web da ETSE. As solicitudes de defensa presentaranse no prazo establecido **a través da Secretaría Virtual onde se subirá(n) o(s) ficheiro(s) en PDF do TFG/TFM**. O resgardo da solicitude, xunto co exemplar en formato dixital ou formato impreso, se así o indica a convocatoria, deberá ser entregado, dentro do prazo fixado, na Administración da ETSE.

[Web TFG ETSE](#)

[Web TFM ETSE](#)

Intercambio Académico

A ETSE anima ao seu estudiantado a participar nos programas de intercambio Erasmus+, SICUE ou de Convenios Bilaterais con universidades europeas, españolas ou do resto do mundo. O intercambio académico é unha das experiencias máis valoradas polas empresas na selección dos/as titulados/as. Os programas de intercambio constitúen unha ocasión inmejorable para abrirse ao mundo real e, sobre todo, para que o estudiantado se coñeza a si mesmo e aprenda a desenvolverse en distintos ambientes. Anualmente prográmase unha sesión informativa (novembro/décembro) onde se indican as prazas e destinos dispoñibles.

Responsable de Mobilidade

Juan C. Vidal Aguiar (Tel.: 8818 16733; etse.subdireccion@usc.es)

[Web Mobilidade da ETSE](#)

Secretaría Virtual

Na **Secretaría Virtual** atópase a información de xestión académica. Nela realízanse os trámites administrativos relacionados coa matrícula. Accesible dende o Perfil de Estudiantes no enderezo sec-virtual.usc.es/Secretaria/Login.asp. É importante ter ó día os datos de contacto que alí figuran

(principalmente teléfono e correo-e), xa que se utilizan para enviar información moi útil, como por exemplo, datas de inicio de cursos, SMS coas cualificacións e outros avisos. Se cambia algún deses datos débese modificar na Secretaría Virtual.

!!! A administración da ETSE só xestiona, tanto de entrada coma de saída, comunicacións mediante **correo electrónico dos enderezos oficiais** proporcionados pola USC (nome.apellido@rai.usc.es)

Campus Virtual e Outras Ferramentas

A USC dispón dun **Campus Virtual**, plataforma web de apoio á docencia. Pódese acceder co mesmo nome de usuario e contrasinal de RAI no enderezo cv.usc.es onde se indican as e-aulas das materias que utilicen esta ferramenta. Para solucionar **calquera problema de acceso, débese encher o formulario de consultas dispoñible** en usc.es/ceta.



As materias usan o Campus Virtual para a xestión diaria das actividades docentes

Todo o estudiantado e profesorado da USC está ademais dado de alta nas ferramentas Office 365 de Microsoft. Utilizando as credenciais de RAI e visitando nube.usc.gal, podedes ver o conxunto de aplicacións dispoñibles. Por exemplo, Microsoft Teams permite a realización de clases e titorías virtuais. Podedes ademais instalar a aplicación cliente Microsoft Teams nos vosos equipos. O estudiantado conta co apoio do [Centro de Atención a Usuarios/as](#) para resolver dúbidas relacionadas coa instalación de programas nos seus propios equipos ou xestión das súas contas de usuario/a.

Enquisas de Opinión

Dende a Comisión de Calidade da ETSE realízanse diversas enquisas para coñecer o estado de opinión de diferentes colectivos do centro. Os resultados obtidos nesas enquisas son analizados polas diversas Comisións do Centro co obxectivo de deseñar accións de mellora para os procesos de ensinanza e aprendizaxe. A participación ampla dos diferentes colectivos, especialmente dos/as estudantes, é fundamental para a validez dos resultados das enquisas.

A túa opinión é importante

Enquisas ETSE actuais para estudantes:

- Estudantes de Nova Incorporación (comezo de primeiro curso): O obxectivo é coñecer mellor ao estudiantado que se incorpora no primeiro curso das titulacións de Grao.
- Carga de Traballo (en todos os cursos ao remate de cada cuatrimestre): O obxectivo é analizar a carga de traballo das materias que forman a titulación e verificar se está de acordo ao planificado nas Memorias das Titulacións.
- Avaliación de Competencias (ao remate da titulación): O obxectivo é analizar se a formación obtida polo noso estudiantado se axusta á demanda empresarial do sector.

Suxestións, Queixas e Reclamacións

O procedemento para a presentación de suxestións, queixas e reclamacións está dispoñible [na seguinte ligazón](#). O formulario pode descargarse directamente [desta ligazón](#) da web da ETSE.

Outros Servizos

A información completa sobre os servizos que oferta a USC atópase na páxina web usc.es/gl/servizos.

Aulas de Informática

No momento de facer a matrícula entrégase un código de usuario (nome.apellido) e un contrasinal cos que se pode acceder a calquera ordenador das aulas da USC pertencentes á Rede de Aulas de Informática (RAI, usc.es/rai).

É importante probar o código de usuario e o contrasinal na rede RAI e no Campus Virtual, nas Aulas de Informática, pois é **IMPRESINDIBLE** para comezar as prácticas de moitas materias

Coa matrícula facilítase unha **caixa de correo electrónico oficial** (nome.apellido@rai.usc.es). Segundo a Normativa sobre o uso das TIC da USC, os enderezos electrónicos creados serán os únicos recoñecidos pola USC para o envío de correo electrónico á comunidade universitaria. O acceso á caixa de correo realízase no enderezo nube.usc.gal (seleccionando Outlook) e toda a información relativa ao seu uso está dispoñible en usc.es/rai.

- **Préstamo de Portátiles:** O centro dispón de portátiles para prestar ao estudantado co obxectivo de resolver pequenas necesidades de infraestrutura informática. Solicítanse no Punto de Atención, Información e Servizos e a devolución debe realizarse o mesmo día da recollida.



Se xorde algunha **incidencia nas Aulas de Informática** debe notificarse á Administración da ETSE (etse.secredireccion@usc.es)

Servizo de Reprografía

O servizo de reprografía, edición e impresión dixital da USC realízase a través do Servizo de Reprografía, Edición e Impresión Dixital da Fundación USC (<https://servizosdixitais.fundacionusc.gal/>). O terminal de autoservicio de impresión da ETSE está na zona de traballo do andar -1.

Comedor-Cafetería: Situado no andar -2 do edificio de docencia ofrece servizo de comedor.

Taquillas: O centro dispón de taquillas situadas no andar -1 do edificio de enxeñaría química. No mes de setembro ábrese o prazo para solicitálas (no Punto de Atención, Información e Servizos). Entregarase a chave previo pago dunha fianza de 10 € que se recuperará unha vez se devolva a chave no mes de xullo.

Web Equipamentos ETSE

Seguridade e Saúde

En todos os espazos docentes e comúns hai carteis informativos de como actuar en caso de emerxencia. **Non se pode acceder ás zonas marcadas como de acceso restrinxido.**

Dereitos do estudantado nas materias con prácticas de laboratorio:

- Reclamar as fichas REACH de todas as substancias nos laboratorios de prácticas, no caso de que non fosen facilitadas previamente polo profesorado.
- Coñecer a información de Avaliación de Riscos dos laboratorios de prácticas e recibir a información suficiente sobre a seguridade nos laboratorios.
- Coñecer o Plan de Autoprotección.

O/A profesor(a) de cada grupo docente debe entregar na Administración da Escola a **notificación de recibo para docentes e estudantes en laboratorios de prácticas e de investigación.**

Emerxencias

Emerxencia Parcial

Pitada descontinua; evacuación da zona afectada

Emerxencia Xeral

Pitada continua; evacuación de todo o edificio



En Caso de Evacuación

Non actúes pola túa conta, sigue as instrucións do profesorado ou dos equipos de emerxencia. Non te deteñas a recoller as túas pertenzas. Sigue a sinalización de evacuación. Non corras nin retrocedas. Non uses o ascensor. Axuda a quen o necesite. En presenza de fume anda a gatas e usa un trapo humedecido como máscara. Se che prende lume na roupa non corras, rola polo chan. Diríxete ó punto de encontro exterior (detrás da cafetería).

[Web Seguridade ETSE](#)

Medios de Información

O centro dispón de **pantallas informativas** a través das cales se distribúe información de interese (bolsas, emprego, xornadas, conferencias, etc.). Outros medios de información son os **taboleiros**.

Na **páxina web do centro** e na conta de **LinkedIn** pódese atopar información sobre novidades, impresos, normativas, programas de mobilidade, prácticas en empresas, horarios de clases, exames, etc.

USC Virtual Centros Departamentos Servizos Directorio Sede electrónica Emprego Sumo valor Xornal

USC Estudos Investigación Admisión USC Vida GLW Q

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

O centro Estudos Información académica Calidade



Enderezo: Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, 15782 Santiago de Compostela


Conexión: 881.616.700

Dirección: 881.616.701

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) é un centro da Universidade de Santiago de Compostela encargado da xestión e a organización de estudos no ámbito da enxeñaría. A ETSE ten como misión principal contribuir á formación integral, nunha contorna estimulante de innovación e de relacións humanas, de enxeñeiros e enxeñeiras comprometidas/os co desenvolvemento da sociedade baixo principios éticos, de solidariedade, de igualdade de xénero e de sustentabilidade.

[Acceso á Intranet](#)

[Presentación do centro](#)



Escola Técnica Superior de Enxeñaría

O centro ▾ Estudos ▾ Información académica ▾ Calidade ▾

Acceso á Intranet

Ligazón na páxina principal
da web da ETSE



Rúa Lope Gómez de
Marzoa, s/n, 15782
Santiago de
Compostela
881816700
etse.secreddireccion@usc
.gal



A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) é un centro da Universidade de Santiago de Compostela encargado da xestión e a organización de estudos no ámbito da enxeñaría. A ETSE ten como misión principal contribuír á formación integral, nunha contorna estimulante de innovación e de relacións humanas, de enxeñeiros e enxeñeiras comprometidas/os co desenvolvemento da

[Acceso á Intranet](#)

[Presentación do centro](#)

[Guía Estudantes](#)

[Calendario ETSE 21/22](#)

[Ofertas de Emprego](#)

[Concurso Vídeo Enxeños](#)

Intranet da ETSE: Publicacións de resolucións internas (por exemplo, cambios de grupos, concesión de prácticas, etc.), novidades, detalles adicionais de horarios, etc.

USC

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

O centro ▾ Goberno e Xestión ▾ Información académica ▾ Comités ▾ Mobilidade ▾ Eventos Actualidade

+ Novo

Detalles da páxina

Análises

Actualidade

+ Engadir ▾

I PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO E TRABALLOS FIN DE MÁSTER PARA A TRANSICIÓN ENERXÉTICA

Convocado pola Cadeira de Transición Enerxética Bases na sede da USC

LOSADA CARRIL DAVID ENRIQUE 16 de xuño

Listado definitivo admitidos na convocatoria de prácticas do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Está publicado o listado definitivo de candidatos admitidos na convocatoria de prácticas en...

PALACIOS OUBIÑA M CARMEN 9 de xuño

Publicación do listado provisional de admitidos nas prácticas do Máster de Enxeñaría Química e Bioprocesos

Está publicado o listado provisional de admitidos na convocatoria de prácticas en empresa d...

PALACIOS OUBIÑA M CARMEN 2 de xuño

O Grao en Enxeñaría Química ocupa o quinto posto no ranking do xornal El Mundo

O Grao en Enxeñaría Química da USC repite por 16º ano consecutivo entre os 5 mellores gra...

García Becerra Iria 31 de maio

Próximos eventos

+ Engadir evento

Mes

01

Categoría

Título do evento

Martes, de 12:00 a 13:00

Localización

Crear un evento

Ao engadir un evento, aquí mostrárase onde poden velo os lectores.

Ver todo

Taboleiro

Máis recentes

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Publicación no taboleiro da asignaci...er

en Enxeñaría Química e Bioprocesos

PALACIOS OUBIÑA M CARMEN

Edición 1 de xuño de 2022

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Curso 2022-2023

LOSADA CARRIL DAVID ENRIQUE

Edición 23 de xuño de 2022

Información académica

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Horarios GREQ 22-23

LOSADA CARRIL DAVID ENRIQUE

Edición 4 de abril de 2022

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Horarios GREI 22-23

LOSADA CARRIL DAVID ENRIQUE

Edición 4 de abril de 2022

Misión, Visión e Valores

A ETSE ten como **misión** contribuír, nun contorno estimulante, de innovación e de relacións humanas, á formación integral de profesionais comprometidos co desenvolvemento da sociedade baixo principios éticos, de igualdade, de sustentabilidade e de responsabilidade social.

A ETSE acolle grupos de investigación de referencia en enxeñaría e promove o desenvolvemento científico e tecnolóxico, potenciando actividades de investigación, de difusión da cultura tecnolóxica e de relacións con empresas, institucións e centros de investigación.

Para iso a ETSE dispón dunha ampla oferta formativa de grao e posgrao e conta con recursos humanos, equipos e instalacións que fan posible o desenvolvemento do labor docente e investigador.

No relativo á **visión** do centro, a ETSE quere ser recoñecida como un centro de referencia a nivel nacional e internacional pola calidade e amplitude da súa oferta formativa de grao e posgrao no ámbito da enxeñaría e polo desenvolvemento dunha investigación avanzada que dea resposta ás necesidades da sociedade.

A Escola quere ser recoñecida por aplicar metodoloxías docentes innovadoras nun clima de traballo colaborativo, amable e eficaz, cun profesorado altamente cualificado que fomente a adquisición por parte do estudantado dos coñecementos e competencias necesarias para desenvolver a súa actividade profesional nun contorno cada vez máis cambiante e esixente.

A Escola quere impulsar a internacionalización da docencia e da investigación e manter excelentes relacións con outros centros autonómicos, nacionais e internacionais, con colexios e asociacións profesionais e, singularmente, cos seus titulados/as. Así mesmo, pretende incrementar a súa relación co tecido empresarial e ser un referente nas relacións universidade-empresa.

A ETSE réxese polo compromiso cos seguintes **valores** éticos e profesionais:

Éticos:

- Integridade
- Cordialidade e respecto mutuo
- Compromiso coa sociedade, o desenvolvemento sostible e a igualdade
- Transparencia
- Responsabilidade

Profesionais:

- Cultura da calidade e mellora continua
- Iniciativa
- Colaboración e participación
- Innovación e creatividade
- Flexibilidade e capacidade de adaptación aos cambios
- Liberdade de pensamento e expresión
- Espírito crítico
- Seguridade das persoas e das instalacións

Nesta Guía atoparás Información sobre...

- Equipo de Dirección
- Coordinadores de Titulacións (Graos e Másteres)
- Persoal de Administración e Servizos
- Instalacións (Edifícios, Aulas de Teoría, Aula de Proxectos, Aulas de Informática, Laboratorios Docentes, Planta Piloto, Aulas de Traballo, Zonas de Traballo de Acceso Libre, Servizos e Infraestruturas)

- Biblioteca da ETSE (Préstamo de Portátiles, Préstamo de Libros a Domicilio, Préstamo de Libros Intercentros, PRELO, Repositorio Institucional MINERVA, Novidades no Catálogo, Taquillas)
- Estudantes na ETSE
- Representantes do Estudantado nos Órganos de Goberno
- Mellora Continua e Xestión da Calidade
- Autoría de Traballos Prácticos
- Organización Docente (Programación e Avaliación, Materias Impartidas en Inglés, Cambio de Grupo de Prácticas)
- Normativa de Permanencia da USC
- Aula Profesional
- Actividades Recoñecibles como Competencias Transversais
- Prácticas en Empresas
- Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster
- Intercambio Académico (Responsable de Mobilidade)
- Secretaría Virtual
- Campus Virtual
- Outros Servizos (Aulas de Informática, Servizo de Reprografía, Comedor-Cafetería, Taquillas, Préstamo de Discos Duros Externos, Préstamo de Portátiles, URLs Interesantes de Servizos da USC)
- Seguridade e Saúde (Emerxencias, En Caso de Evacuación)
- Suxestións, Queixas e Reclamacións
- Enquisas de Opinión
- Medios de Información
- Misión, Visión e Valores